

TRIBUNA Olivia Tudela Membro do xurado dos Premios de la Crítica 2015

## A calidade da literatura galega

A Asociación Galega da Crítica, presidida por M. Xesús Nogueira, celebrou onte no local social do Ateneo de Compostela un acto de recoñecemento aos escritores galegos que recibiron uns galardóns nos que a asociación ten un papel clave. Contou coa inestimable colaboración do pintor Antón Pulido. O 23 de abril, a Asociación Española de Críticos Literarios deu a coñecer os Premios da Crítica en Santa Cruz de La Palma, na curva noroccidental do Atlántico canario. A cultura na illa acumulada Bonita emerxe aquí e acolá co notable apoio oficial, nunha suma de coincidencias que é raro atopar no mundo político, cada día máis de costas á cultura. Antonio Abdo, Lucía R. González, Ricardo Hernández, Maiki Martín e Anelio Rodríguez foron algúns dos escritores con que nos reuniu Nicolás Melini, o noso anfitrión, xunto con Anselmo Pestana, sensible presidente do Cabildo insular. A xeira de traballo completouse pola conferencia sobre Don Quijote do presidente da AECL, Ángel Basanta, en La Investigadora, outrora templo masónico dunha illa enlace de sabedorías entre o vello e o novo continente. Acompañados polas pegadas galego-portuguesas no léxico cotián da illa, celebramos a calidade dos dous títulos que a Asociación Galega da Crítica propuxo: *O deserto*, de María do Cebreiro, e *O último día de Terranova*, de Manuel Rivas. Á beira das suscitadas polos outros premiados: os poetas Gemma Gorga, Juan Kruz Igerabide e Ángeles Mora; e os narradores Martí Domínguez, Ramón Saizarbitorra e Cristina Fernández Cubas, houbo preguntas sobre a literatura galega, seica pola presenza de seareiros do escritor que por cuarta vez gañaba o premio en galego. Sobre o peso da memoria na narra-

tiva, por exemplo, pois a obra narra unha historia de convivencia entre as ditaduras española e arxentina. Ou sobre se non lle merecería a pena a Rivas escribir en castelán para aumentar o número de lectores. A resposta foi poñer o dedo no paradoxo: non é xa o noso autor máis internacional desde a lingua galega? Atraveríanse a facer a mesma pregunta acerca de Vargas Llosa en relación co idioma inglés?

María de Cebreiro leva case 20 anos de creación en paralelo cunha interesante produción ensaística arredor do fenómeno poético. Sen abandonar a súa anterior liña poética intelectualizada, en *O deserto* explora novas vías de acceso ao lector, combinando estrutura poética con notas a rodapé e imaxes artísticas das que se apropia para ofrecer sensacións e ideas cun misticismo de corporeidade suxestiva. Non deixa de estar presente a reflexión sobre a soidade, os afectos e as carencias da nosa sociedade nun libro confeccionado de maneira moi orixinal por Apiario, editorial de exitosa traxectoria.

*O último día de Terranova* de Manuel Rivas, en Xerais, ofrece unha nova versión da marca novelística do autor: a construción de micromundos narrativos conectados entre si por fíos invisibles. O punto de cohesión é Terranova, librería a punto de desaparecer pola picaresca da especulación na cidade literaria por antonomasia en Rivas, con A Coruña como referente real. O nome de Terranova e o final optimista abren unha porta na novela á posibilidade de cambio dun sistema que quere condenar ao baleiro a existencia dos seres libres. Periodismo e lirismo están presentes nunha obra que trascende o local para narrar, unha vez máis, a historia universal da infancia.



Manuel Rivas y María do Cebreiro, con María Xesús Nogueira.

## Manuel Rivas y María do Cebreiro reciben el Premio de la Crítica

M. GARCÍA  
SANTIAGO / LA VOZ

La Asociación Galega da Crítica (AGC) entregó ayer en Santiago a los escritores Manuel Rivas y María do Cebreiro los Premios de la Crítica 2015 en lengua gallega en la modalidad de novela y de poesía, respectivamente.

El acto, celebrado en el Ateneo compostelano, incluyó la intervención de los dos galardonados, así como la presentación de las obras que fueron

premiadas: *O último día de Terranova* por parte de Manuel Rivas y el poemario *Deserto* de María do Cebreiro.

Estos premios son concedidos por la Asociación Española de Críticos Literarios a los mejores libros de narrativa y de poesía publicados en el año anterior, tanto en castellano como en gallego, euskera y catalán. La propuesta de las publicaciones en gallego fue presentada por la asociación de críticos gallega, que preside María Xesús Nogueira.